

3. Constitución de 1931

1. Contexto e Aprobación

- **Data de aprobación:** O 9 de decembro de 1931 polas Cortes Constituíntes.
- **Elaboración:** O proxecto foi redactado por unha comisión presidida polo socialista Jiménez de Asúa.
- **Fundamento:** Baseada no principio da **soberanía popular**. Todos os poderes emanan do pobo.

2. Definición do Estado e organización territorial

- **Definición:**
 - España constitúese como unha "República democrática de traballadores de toda clase" (Art. 1)
- **Estado integral:**
 - Defínese como un **Estado integral**, compatible coa **autonomía de municipios e rexións**.
- **Acceso á autonomía:** Establecíanse condicións esixentes (proposta por concellos e aprobación en referendo por 2/3 do censo, ratificado polas Cortes) para que as rexións accedesen ao seu Estatuto. (Art. 12).

3. Dereitos e libertades

- **Igualdade:** Proclámase a igualdade ante a lei e a non discriminación por sexo, clase, riqueza ou ideas.
- **Sufraxio Universal:** Recoñecemento do dereito ao voto para cidadáns de ambos os sexos maiores de 23 anos. Isto incluíu, tras un intenso debate, o **voto feminino** entre **Victoria Kent** (pede aprazalo por medo á influencia da Igrexa nas mulleres) e **Clara Campoamor** (deféndeo como un dereito de principio e pola contribución feminina á República).
- **Dereitos civís e sociais:** Incluía amplas liberdades individuais (expresión, reunión, asociación) e novos dereitos sociais e culturais (protección ao traballo, existencia digna).

4. A cuestión relixiosa e educativa

- **Laicismo:** O Estado non ten relixión oficial (Art. 3) e establécese unha **radical separación entre Igrexa e Estado**.
- **Limitacións á Igrexa:**
 - Prohíbese o financiamento público da Igrexa. Eliminación do auxilio económico ás institucións relixiosas e disolución das ordes que impuxesen un voto de obediencia a unha autoridade distinta á do Estado (nacionalización dos seus bens).
 - As congregacións non poden exercer a ensinanza nin o comercio.
- **Educación:**

Tema 21. O establecemento da II República - Historia de España de 2º BACHARELATO

- O servizo da cultura é atribución esencial do Estado a través dunha **escola unificada, laica, gratuíta e obrigatoria** no nivel primario.
- Complementéntase coas **Misións Pedagóxicas** para alfabetizar o rural.

5. Réxime económico

- **Propiedade:** A riqueza do país está subordinada aos intereses da economía nacional.
- **Intervencionismo:** Permítese a **expropiación forzosa** por utilidade social (con indemnización) e a nacionalización de servizos públicos se a necesidade social o esixe.

6. División de poderes e institucións

- **Poder Lexislativo (Primacía):** Reside nunhas **Cortes unicamerais** (Congreso dos Deputados) elixidas por sufraxio universal.
- **Poder executivo:**
 - **Presidente da República (Xefe do Estado):** Elixido por seis anos; nomea ao Presidente do Goberno e pode disolver as Cortes e convocar eleccións.
 - **Goberno:** Responde ante o Congreso.
- **Poder Xudicial:** Xuíces independentes e introdución do **xurado popular**.
- **Tribunal de Garantías Constitucionais:** Actúa como intérprete da lei e árbitro entre os poderes do Estado.

En resumo, a Constitución de 1931 recollía estes principios fundamentais:

- **Soberanía popular:** España defínese como unha "República democrática de traballadores de toda clase".
- **Dereitos e liberdades:** Recoñecemento do **sufraxio universal (incluíndo ás mulleres)**, igualdade ante a lei e dereitos sociais.
- **Laicismo:** Radical separación entre a Igrexa e o Estado, eliminando o orzamento de culto e clero e permitindo o divorcio.
- **Estado Integral:** Recoñecemento do dereito á **autonomía** para as rexións que o solicitasen (como Cataluña, Galicia ou o País Vasco).
- **División de poderes:** Primacía das Cortes (unicamerais) sobre o Goberno e a creación do Tribunal de Garantías Constitucionais.